

Nº 3

Sábado, 29 de setembro de 2007. Revista oral de periodicidade semestral, editada polo Museo Provincial do Mar, de San Cibrao (integrado na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo). Horario: **19,30 h.** Lugar: **Museo Provincial do Mar.** Duración aprox.: 1,30 h. Coordina: **Antonio Reigosa** (<http://www.museolugo.org>)

Número monográfico dedicado ao proxecto SMS URGENTE! MUSEO+XUVENTUDE ideado por Rubén Pérez Pombo. Intervenien creadores novos (escritores, pintores, actores, cineastas, ilustradores, músicos...) coa pretensión de levar á rúa referencias museísticas e, ao revés, entrar dende a rúa aos museos alentos anovadores.

SUMARIO

Portada Aaaluapiana

Teatro : Exército de artistas

5 visións en cómic

Imaxes do derradeiro segundo

Xulieta na residencia de anciáns: curtametraxe

Teatro + Música

X

+

Xulieta

+

Keep going

= *Escena bonita*

Un soño? ou non?

Os Psicoacústicos

Mimo + tirabicos = **Teatro** perigoso

keep going + Saxo + Poema

Na rúa: Curtametraxe

5 novas visións en **Comic**

Aaaluap

Literatura: *Delirios biográficos*

Exército de artistas

Epílogo + Keep going

Contraportada de cine: Making off

ESCRITORES

Carmen Conde Como escritora publicou na obra colectiva *Tentativas*, na revista *Evohé*, en *Esperta Zoe*, e no *Rincón Literario*. Como actriz participou en diversos recitais. É directora de *Evohé*.

Óscar A. Rojas Poeta, colabora no *Rincón Literario* e participou no recital *Cidadáns dun Lugo poético*.

Lupe Bao Organizou a *Semana de cine xóve e chungo de conseguir*, e o *Corto-conto*. Colabora con diversas asociación e recitais de poesía. Foi integrante do grupo *Celtia*.

Teresa G. Senra Colabora en *Xistral*, *Evohé*, *Rincón Literario*, tamén participou en *Esperta Zoe*

Víctor Mouronte Colaborador da revista *Evohé* e do *Rincón Literario*.

PINTURA

Javier Rey Colaborador no recital *Noite literaria, noite evohé*.

Paula Leira Pintora. Van Gogh é algún dos seus pintores favoritos.

Ruth Núñez Pintora que colaborou con *Esperta Zoe*. Elaboración do Storyboard da curta *Ídem*.

Mónica F. Rojas Pintora. A súa forza é a ilusión.

Cristina Núñez Pintora, colabora no *Rincón Literario*, elaboración do cartel do *Rincón*

Iván Mouronte Participou como delegado de pintura en *Esperta Zoe*. Colabora con *Evohé* e *Artesonado*.

MÚSICA

Keep going Grupo musical que naceu hai ano e medio. Fixeron diversos concertos no Pub Saint Etienne, Clavicémbalo, Pub Fardela e recentemente no Muralla Rock.

Fernando Díaz Saxofonista, tocou na orquestra Agarimo. Participou no recital *Cidadáns dun Lugo poético*. Colabora co compositor Panume na elaboración do seu disco.

Os Psicoacústicos Grupo musical que mestura hip hop coa música electrónica.

TEATRO

Sara Iglesias Participou en varias obras de teatro.

Rubén Pérez, actor e escritor. Dirixiu *Esperta Zoe*. Codirixe o *Rincón Literario*. Foi actor de *Palimoco* co cal realizou numerosas obras de teatro. Como escritor participou nas obras colectivas *Esperta, Zoe* e *Tentativas*. Tamén dirixiu varios recitais.

Alejandra Pillado Codirixe o *Rincón Literario* e participou no recital *Cidadáns dun Lugo poético*

Paula Fernández Colaborou con *Evohé* e co *Rincón literario*, participou en *Esperta Zoe*.

CINE

Silvia Fariñas Técnico de Realización de Audiovisuais e Espectáculos. Gravou varias curtas como *El tiempo y la distancia* e *O reflexo da lembranza*.

Iria Martínez Pintora que na actualidade se dedica ó mundo da televisión e ó cine.

Brian Rodríguez Escritor e cineasta.

Participou en numerosos recitais e no libro *Esperta, Zoe*.

Jana Núñez Colabora e codirixe o *Rincón Literario*.

Marifí Ares Actriz do grupo *Nova escena*

PRODUCCIÓN

David Díaz e Toni Vázquez. Luz e son Reserva musical e Arturo Vaquero

AGRADECEMENTOS:

Palimoco, *Ignacio Rodríguez*, *Inmobiliaria- La inmobiliaria*, e como non, ós nosos familiares e amigos que unha vez máis tiveron que soportar a nosa ausencia.